

RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

Segundo as instrucións establecidas na *Resolución do 19 de setembro de 2022* da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG número 187 do 30 de setembro de 2022, procederase á renovación dos membros do CONSELLO ESCOLAR do IES Francisco Aguiar.

Tal como establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG, 29/04/1988), redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 09/09/1996), o xoves día 3 de novembro ás 13:30 horas, coa presenza de Sara Fraga Sánchez (en representación dos alumnos), Begoña Calviño Ruanova (en representación do persoal de administración e servizos), Julia Ferreiro Regos (en representación do profesorado) e Rubén Otero Pérez (en representación de nais, pais e titoras ou titores), celebrouse, mediante o emprego dunha aplicación informática, o sorteo público para constituir a Xunta Electoral encargada de organizar e supervisar o procedemento de elección de membros do Consello Escolar do IES Francisco Aguiar, co seguinte resultado:

REPRESENTANTES DO ALUMNADO:

Adrián Roca Medal [Titular],
Antón Mosquera Martínez [Suplente]

REPRESENTANTES DE PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS:

Mónica Casal Fernández [Titular],
Verónica Rebollal Teillet [1ª Suplente]
José Luis Arias Cubilledo [2º Suplente]

REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

Ana Villar Ponte [Titular],
Jessica Álvarez Caamaño [Suplente]

REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

Carmela Rodríguez Rodríguez [Titular],
Álvaro Rivas Ares [Suplente]

Á Xunta Electoral, constituída por un representante de cada un dos colectivos, e presidida polo Director do IES, compételle publicar os censos electorais e aprobar o calendario de datas para a elección de tres representantes do alumnado, tres representantes do profesorado, dous representantes de pais ou nais, en todos os casos por fin da duración do nomeamento dos actuais representantes.

Rogamos a todos os membros da comunidade educativa que desexen presentar as súas candidaturas para formar parte do novo Consello Escolar, que estean atentos ás instrucións que publicitará a Xunta Electoral do IES en próximas publicacións.

En Betanzos, a 3 de novembro de 2022.



Francisco Rodríguez Coloma
Director do IES Francisco Aguiar